



ANUNCIO

Desestimento do procedemento de licitación do contrato de obra "Posta en valor do bordo litoral entre Porto do Son e o castro de Baroña".

Con data 18 de febreiro de 2015 a Alcaldía- Presidencia deste concello ditou a resolución que a continuación se transcribe no procedemento de referencia:

"Decreto: 111

Data decreto: 18/02/2015.

Descrición decreto: desistimento do procedemento de licitación da obra "Posta en valor do bordo litoral entre Porto do Son e o castro de Baroña".

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA-PRESIDENCIA

D. JOSÉ LUIS OUJO POUJO, Alcalde- Presidente do Concello de Porto do Son, no uso das facultades que lle confire a Disposición Adicional 2ª do RD Lei 3/2001, do 14 de novembro, texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP) dita a seguinte resolución:

Visto que mediante o decreto da Alcaldía núm. 64/2015, do 30 de xaneiro, se resolveu iniciar o expediente de contratación mediante procedemento aberto con múltiples criterios de valoración e tramitación urxente para a adxudicación do contrato de execución da obra "Posta en valor do bordo litoral entre Porto do Son e o castro de Baroña", cun orzamento total de 278.300,00 euros, IVE incluído.

Visto que en data 02/02/2015, por decreto da Alcaldía núm. 66/2015, se resolveu aprobar os pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas particulares que rexen a contratación, aprobar o expediente de contratación e o gasto correspondente con cargo ao estado de gastos dos Orzamentos Xerais do concello para 2015 e iniciar a licitación mediante procedemento aberto con múltiples criterios de valoración con tramitación urxente.

Visto que iniciado o prazo para a presentación de proposicións logo da publicación do anuncio de licitación o 06/02/2015 no BOP da Coruña e no perfil do contratante se puxo de manifesto a existencia de erros relevantes no proxecto técnico da obra "Posta en valor do bordo litoral entre Porto do Son e o castro de Baroña", redactado por Redondo, Valladares y Rodríguez Arquitectos, S.L.P. susceptibles de comprometer a viabilidade da execución da obra.

Considerando que as deficiencias advertidas supoñen unha infracción non subsanable das normas de preparación do contrato establecidas no art. 123 TRLCSP e no art. 131 do RD 1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas, en tanto en canto o proxecto técnico da obra presenta eivas fundamentais no seu orzamento.



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

Considerando que o art. 155 TRLCSP habilita á Administración para desistir dos procedementos de contratación con fundamento na existencia de infraccións non subsanables das normas de preparación do contrato antes da súa adxudicación, e sen que iso impida a iniciación inmediata dun novo procedemento de licitación.

Considerando que se manteñen as necesidades que xustificaron a licitación do contrato, se ben non debe continuar a tramitación do procedemento, a fin de causar os mínimos prexuízos posibles aos posibles licitadores, estímase conveniente desistir do contrato para subsanar os erros antes referidos e para, de xeito inmediato, iniciar un novo procedemento de licitación.

Visto canto antecede, **RESOLVE:**

Primeiro.- Desistir do procedemento para a adxudicación do contrato de obra "Posta en valor do bordo litoral entre Porto do Son e o castro de Baroña", polos motivos expostos nas consideracións que anteceden, e que se iniciou por decreto núm. 66/2015, do 2 de febreiro, (publicación no perfil do contratante e no BOP da Coruña o 06/02/2015).

Segundo.- Dispor a publicación desta resolución no BOP da Coruña e no perfil do contratante do Concello de Porto do Son para coñecemento dos interesados.


Terceiro.- Dar conta deste decreto ao departamento de Intervención."

RECURSOS: Contra este acordo que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, a contar dende o seguinte día hábil á recepción da presente notificación diante do **Alcalde- Presidente**. Se transcorrido un mes dende a interposición do recurso non se recibiu resolución expresa do mesmo, terase por desestimado e poderase interpoñer o recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado ou Sala do Contencioso- Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de 6 meses a contar dende o día seguinte a aquel en que o Concello tería que resolver o recurso de reposición, na forma e cos requisitos esixidos na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso- administrativa. No caso de resolución expresa desestimatoria do recurso de reposición, o prazo para interpoñer o recurso contencioso- administrativo será de dous meses ante o órgano da xurisdición contencioso- administrativa.

De tódolos xeitos, pódese interpoñer directamente o recurso contencioso- administrativo, sen necesidade de interpoñer previamente o recurso de reposición, ante o órgano da xurisdición contencioso- administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o seguinte día hábil á recepción da presente notificación, na forma e cos requisitos esixidos na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso- administrativa.

Todo elo sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que o interesado estime pertinente.

Porto do Son, a 19 de febreiro de 2015

D. Alcalde- Presidente,

Asdo.: Jose Luis Oujo Pouso.

